



Albergue de Sergude



Albergue de Bruma

 Casa do Concello A Coruña:
Praza María Pita, 1. 15001
<http://www.coruna.gal>
Tel.: 981 184 200
Fax: 981 184 252

 Casa do Concello Carral
Campo da Feira, 1. 15175
<http://www.carral.es>
Tel.: 981 670 002
Fax: 981 672 282

 Casa do Concello Culleredo
Rúa do Concello, 1. 15189 Tarrío
<http://www.culleredo.es>
Tel.: 981 677 777
Fax: 981 677 646

 Casa do Concello Abegondo
San Marcos, 1. 15318
<http://www.abegondo.es>
Tel.: 981 647 996
Fax: 981 673 050

 Casa do Concello Cambre
Atrio, 1. 15660
<http://www.cambre.org>
Tel.: 981 613 128
Fax: 981 675 969

 Casa do Concello Mesía
Xanceda, s/n. 15685
<http://concellodemesia.es>
Tel.: 981 687 001
Fax: 981 687 069



SECCIÓN DE TURISMO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA:

www.turismo.dacoruna.gal

+34 981 080 837

 Turismo da Deputación da Coruña

 @DACTurismo

 dacturismo

TODO TIPO DE URXENCIAS: 112

GARDA CIVIL: 065

URXENCIAS SANITARIAS: 061

INFORMACIÓN METEOROLÓXICA:

www.meteogalicia.gal



O Camiño Inglés a Santiago

A Coruña - Hospital de Bruma



Igrexa de Santiago do Burgo

Á sombra da historia

O porto da Coruña era o lugar que todos os peregrinos medievais e de comezos da Idade Moderna querían avistar. De aí partía, e parte, o Camiño Inglés -aínda que hoxe en día é bicéfalo, xa que tamén arrinca dende Ferrol para rematar en Compostela. E hai que deixar claro, xa dende o principio, que todo o itinerario está moi ben sinalizado.



Ponte do Burgo, que foi voada na Guerra de Independencia

A impresionante igrexa de Santiago convértese no simbólico punto de partida para percorrer a cidade da Coruña, deixando atrás a rúa Real. Ascéndese logo o alto de Eirís e, descendendo, éntrase en terras

do municipio de Culleredo. Desafortunadamente aparece ante a vista a igrexa románica de Santiago, no Burgo. É que, antes da Coruña, era esta, hoxe puxante localidade, o lugar onde ancoraban os barcos, xa que estaba moito máis protexida dos ventos.

Á esquerda queda unha ponte que foi testemuña da guerra contra Napoleón e que a sufriu nos seus peripiaños. O Camiño Inglés xira á destra, coa referencia do aeroporto á mesma man, pero, por suposto, a unha máis que prudente distancia. Percorre así a pequena ponte medieval chamada Ponte da Xira.

No ascenso posterior atópase un cruceiro tradicional, veciño dun edi-



Reitoral de Sigrás



A sinalización do Camiño Inglés é excelente

ficio nobre (a Casa de Atocha ou Pazo da Igrexa, barroco do XVII) e cunha fórmula con San Antonio e a lenda "Si quieres milagros mira. Año 1815". Esa é a antesala dun dos pesos pesados do Camiño Inglés: o conxunto histórico artístico de Sigrás (municipio de Cambre), que ao seu valor intrínseco suma o que foi alzado nunha contorna que convida á parada. O devandito conxunto fórmalo un notable cruceiro, un gran pozo, a igrexa fundamentalmente románica de Santiago o Maior (levantada no século XII, aínda que a porta do sur é gótica do XV e a fachada ergueuse en tempos aínda máis recentes) e a reitoral, herdeira do hospital de peregrinos que alí abría as súas portas.

O camiñante ten ante si unha zona practicamente chaira ou de suave pendente ascendente que permite acceder á praza de San Marcos, cun banco, un marco xacobeo e outro cruceiro.

Desa forma, o peregrino alcanzará o albergue de Sergude (municipio de Carral), que, agás que a forma física sexa moi boa, debe converterse no punto final á primeira etapa.

Tras uns metros que inducen ao engano, a segunda xornada practicamente arrinca en costa cara arriba, curta pero con respectable pendente. O ascenso vai ser a característica do día, pero sempre con desniveis que



Peregrinos no ascenso

non asustan. Na aldea de Aquelabanda agarda unha sorpresa: a pequena e entrañable capela de San Xoán, con escudo heráldico na súa sinxela fachada.

Uns metros máis adiante o Pazo de Barral enche a retina, un elegante edificio datado na primeira metade da centuria XVI. Alí hospedouse o rei Felipe II cando o calendario marcaba o ano 1554. O monarca dirixíase á Coruña co fin de embarcarse cara a Inglaterra. Na fachada dese pazo, dous escudos cunha lenda que recolle, precisamente, esa estancia real.

A partir de aí esperan 3.300 metros ascendentes sen descanso ningún agás aos 2.700 metros. A recomendación é subilos todos sen parar, aínda que sexa a paso lento. Hai que deixar constancia de que en ningún momento a vía é estreita ou resulta incómoda, aínda que si se converte nun das paraxes máis tranquilas, solitarias e con moitas árbores do Camiño Inglés. Xa case na cima éntrase nun espazo moi aberto, con granxas



Área de descanso das Travesas

abandonadas. Aparecen desvíos á esquerda e á dereita pero sempre hai que seguir de fronte.

A 5,9 km da capela de San Xoán éntrase nas casas das Travesas. Agora vaise pola estrada que dende Betanzos se dirixe a Santiago. A gran maioría dos peregrinos detéñense no seguinte cruzamento, que está alí mesmo, debido a que á esquerda lles espera un gran campo cun templo tan pequeno como acolledor, e bancos e mesas que permiten recuperar forzas.

O seguinte tramo resulta algo duro. Non pola pendente -todo é en realidade chaira- senón porque o camiñante vai poñer un pé diante doutro polo bordo dunha estrada ancha e sen beirarrúas nin nada que se lle pareza. Esa é a tónica ata que pasa unha gasolinera abandonada e xira á esquerda para meterse nun bosquecillo precioso, antesala da diseminada e minúscula aldea de Bruma, onde espera outro albergue público.

Un pequeno xardín cruzado por un regato (que se agradece, e moito, no verán) convértese no punto de encontro de todos os peregrinos, debido a que dende As Travesas marchan xuntos os que arrincaron desde A Coruña e os que preferiron facelo desde Ferrol.



Peregrinos acercándose a Hospital de Bruma

Uns e outros non desaproveitarán a oportunidade para facerse unha foto diante da igrexa de San Lourenzo, unha mostra de que a beleza non está rifada coa simplicidade de liñas. Nin con tempos pasados: aínda que todo apunta a que este templo quizais date do século XVI, é herdeiro do que abría as súas portas no hospital de peregrinos anterior. E é máis: a principios do século XX, cando practicamente ninguén circulaba polos camiños de Santiago, pernoitaron entre esas pedras algúns daqueles que mantiveron viva a chama da historia e da tradición.



Templo de San Lourenzo